



Decreto.

Antecedentes:

1. Por decreto desta alcaldía do 12.03.2020 aprobouse a lista definitiva de admitidos/excluídos das prazas do Grupo de Emerxencias Supramunicipal (GES), composición do tribunal e citación para a realización do 1º exercicio.

2. Por decreto desta alcaldía do 16.03.2020 visto o Real Decreto 463/2020, do 14 de marzo, polo que se declara o estado de alarma para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada polo Covid-19, suspendeuse a realización do 1º exercicio da fase de oposición sinalado.

Resultando que neste momento non existen as razóns sanitarias que obrigarón á suspensión, por mor de atoparse esta Comunidade Autónoma na fase 3 do Plan para a transición cara unha nova normalidade, ao abeiro das competencias desta alcaldía, **resolvo:**

**1º) Convocar aos aspirantes admitidos para a realización do 1º exercicio da oposición que terá lugar no Pavillón polideportivo municipal de Brión, sito en Lamiño - Brión, o venres día 12 de xuño de 2020, ás 13,00 horas.** Os aspirantes deberán presentarse para a realización do exercicio provistos do DNI, ou documento fidedigno acreditativo da súa personalidade a xuízo do tribunal, así como dos medios materiais adecuados e necesarios para a práctica do mesmo.

**2º) Publicar esta resolución na páxina web municipal e no taboleiro de edictos do Concello para xeral coñecemento.**